


Babel

Monarquía e creses Peregrinando cara a luz Do demo ao medo Óptimo retrato del siglo XX Aureana do Sil: entreliñas dun "lied" Un dos nosos: familia Martínez Álvarez La suerte está echada para Garzón Memoria e exilio

Boletín do Ateneo Republicano de Valdeorras. Abril 2010. Nº 4



Monarquía e creses

A memoria vaise recuperando. A amnesia da Transición estase curando. Os tabús impostos tacitamente que alimentaban a ilusión dunha democracia sen entronques coa ditadura estanse a romper. Só os cadros do Partido Popular, que veñen da vella Falanxe, e por tanto os grandes beneficiados da operación de esquecemento, intentan manter e defender a iconografía do franquismo: nomes de rúas, estatuas do xeral superlativo, monumentos aos golpistas do 36. Acompañados na tarefa por parte do aparato do estado. Altos funcionarios radicados en Madrid, como os maxistrados, que arrastran o seu xuramento aos Principios do Movemento. Fidelidade ao ditador que se plasma nos recentes procesos, preitos e resolucións, que intentan frear o impulso social encamiñado a sacar das gabias os restos de republicanos asasinados polo fascismo hai máis de sesenta anos.

Movemento popular en mans dunha nova xeración de demócratas e de familias de represaliados que loitan por coñecer o pasado e encher o enorme buraco negro da memoria colectiva e que é ollado con desconfianza pola totalidade da clase política. Saben que abrir a espita do recente pasado poría en cuestión os pactos que deron lugar á actual democracia, as súas carencias, aos seus beneficiarios, e en derradeiro termino poría en cuestión a Monarquía. Porque xa non é exclusivamente un problema de manter uns parasitos sociais a todo tren, en medio dunha aguda creses económica da que intentan saír sobre as costas dos traballadores, senón que abarca as raíces da lexitimidade e decencia democrática.

De aí os recentes intentos de involucrar o rei Xoán Carlos nun novo pacto de Estado para impoñer recortes nos dereitos sociais ás capas populares. Tanto se fracasan como se non repercutirá cando menos na posta en cuestión do seu papel de "pai da patria". O gran conxunto dos desafiuzados entenderán que só se move cando hai que salvar os petos dos poderosos.

Porque hoxe máis que nunca traballar por unha saída progresista da creses pasa por liberarse dos causantes. Que paguen a desfeita os que a provocaron: economistas, especuladores, estafadores, banqueiros, políticos irresponsables e herdeiros do franquismo, xa que non se fai un inmenso capital nin se reina inocentemente.

Peregrinando cara a luz

Xosé Luís Arias

Quen non vivira algúns anos en España non poderá crer a estreita, íntima e, en resumidas contas, indecente relación entre certas ordes relixiosas e as clases ricas do país.

Gerald Brenan (Laberinto español).

1.- PECADOS VENIAIS

Estamos asistindo a unha nova impronta relixiosa no eido sociopolítico, non só por medio das continuas inxerencias da Igrexa católica no normal discorrer dos asuntos que afectan á "cousa pública", senón tamén, no desprazamento da linguaxe relixiosa ó discurso xurídico; o condenado ademais de cumprir a pena correspondente, debe convencer á sociedade de que vai a portarse ben. Os malos non entran no reino dos ceos.

No diagnóstico clínico, ó "golfero" Tiger Woods acostumado a meter "pelotas", lle receitaron para curar a súa adición ó sexo, que cando lle entren ganas de masturbarse, respire profundamente, chame a un amigo por teléfono e rece unha pregaría da serenidade. Obama e Rodríguez Zapatero compartiron en Washington o "Almorzo da Oración".

En plena ofensiva liberal se buscan signos de identidade nacional que nos protexan doutras culturas, á vez que se desactivan mecanismos de integración mais solidarios. Políticos como Sarkozy chegan a invocar á cristiandade como elemento de cohesión e unidade, fronte a países como Turquía que queren ingresar na Unión Europea.

Lynn Margulis, unha das primeiras figuras do evolucionismo (simbioxénese) nos EEUU, comentaba nunha entrevista ó diario *El Público* (6-12-09) que o 70% da poboación está en contra da evolución e opina que Deus creou á Terra e se non es relixioso, es un asasino e non podes facer nada moral. Pat Robertson fundador de Coalición Cristiá, candidato do Partido Republicano no 1988 e agora teleevanxalista, afirmou que a culpa do furacán Katrina a tiña unha actriz lesbiana que vivía en New Orleans.

Non fai falla ir tan lonxe. Aquí, a conselleira de sanidade Pilar Farjas foi invitada a participar na "Semana de Teoloxía e Pastoral" organizada pola Fundación Santa Margarita e nun discurso de corte e confección propio dunha "membra" da "Sección Feminina", antepuxo o Dereito canónico á Carta Magna, pasou por alto a laicidade do Estado e con moita fe soltou perlas como esta "... a ciencia nos permite ver a grandeza de quen foi capaz de crear a vida...".

As interaccións entre relixión e política estiveron sempre presentes en análises sociolóxicos, históricos, etc, (desde os faraóns, pasando pola Idade Media onde o cristianismo marcou seriamente ó Imperio Romano, até o estudo dos termos apocalípticos que aparecían nas homilías durante a desfeita económica dos anos 30 en Norte América).

Na Península publicouse unha obra colectiva: *La influencia de la religión en la sociedad española*, (Amando de Miguel, Javier Sádaba, Puente Ojea, Gustavo Bueno, Gabriel Albiac. Libertarias/Prodhufi, Madrid 1994) onde se analizaban distintos aspectos da relixiosidade en España cunha clara tendencia laica e incluso podería dicirse atea, aínda que ninguén deles compartía a mesma idea de "relixión" de "España", nin se entendía igual "influencia".

Destacamos a novidosa interpretación materialista de Gustavo Bueno que facía referencia á importancia da teoría antropolóxica das institucións esbozada anteriormente nun artigo do nº 37 da revista *El Basilisco* (2005). Institucións e cerimoniais, lle serven para criticar a visión marxista que identificaba os contidos relixiosos como superestruturas dependentes exclusivamente da infraestrutura económica, e ignoraba a relación deses contidos con outros pertencentes a radios que abarcan tamén á institución política. Sendo o conflito entre institucións fundamental para precisar o alcance da influencia da relixión na sociedade. Max Weber, puxo de manifesto na súa obra a relación entre a Reforma Protestante de Lutero e Calvino e o desenvolvemento institucional do Estado capitalista como modelo dunha sociedade cun estilo de vida ascético, baseada no espírito de sacrificio do traballo e o esforzo individual, á espera do cumprimento do destino que Deus lle ten reservado.

A vida eterna e feliz de estirpe "tomista", que se busca a través dos Sacramentos como mediación divina é inseparable da hexemonía ideolóxica que a Igrexa Católica foi impondo co apoio dos Estados. De aí, que a xerarquía eclesiástica fora algo máis que unha mera superestrutura e exercera constantemente funcións que superan factores mentais, ou espirituais e que se corresponden con accións reais (Realpolitik), tratando de establecer plans e programas cun radio de acción extensible polos diversos reinos.

Unha boa maneira de imponer doutrina, símbolos, ritos, etc, foi aliarse con réximes políticos (Pío XII nunca se puxo en contra dos nazis) que polo uso da forza fosen capaces de garantir meirande a represión se fose necesario os seus valores sagrados.

España padeceu unha ditadura militar acostumada a desfilas baixo palio e sempre disposta a velar polo cumprimento das esenciais cristiás. Despois de levar trinta anos de democracia seguen e seguirán estando presentes no ensino,



«Pagué 10.000 euros por los papeles y me casaron con un yonqui»
Un 10 por ciento de los matrimonios de españoles con extranjeras son fraudulentos...»

SEXO es vida!
«¿Problemas de Erotismo? ¿Erectilismo Precoz?»
BOSTON
002 803 555
www.boston.es

Zapatero busca otra entrevista con Obama antes de que viaje a España
El presidente del Gobierno pedirá a Washington en febrero, poco antes de la visita de los Reyes...

ABC, 11 de febrero de 2010

marcan as festividades no calendario laboral e se deixan sentir na actividade política. Acaban de descubrir as manifestacións como un continuo das procesións.

Incapaces de suprimir dunha vez os acordos coa Santa Sede e facer efectiva non só sobre o papel a separación de poderes, os responsables políticos xuran ou prometen diante dun crucifixo, asisten a procesións, organizan funerais de Estado, e non me estou a referir ós gobernos da "dereita" senón, á non-dereita, quen ademais lle mellorou o financiamento e permite que segan presentes na escola pública (é a primeira vez que no último curso previo ó acceso á Universidade aparece no currículo de oferta obrigatoria unha clase de relixión en detrimento doutra de "Historia de España").

O 96% das escolas católicas son concertadas. O Estado gasta 517 millóns de euros na ensinanza da relixión: 388 millóns nas escolas públicas e 129 nas privadas.

No ano 2002, a profesora Menchu Galayo despois de ser contratada once anos consecutivos foi despedida do seu traballo pola Diocese de Canarias por "manter unha relación afectiva con outro home, distinto do seu esposo do que se separou, estando en pecado" o preito chegou ate o Constitucional quen considerou que os acordos España-Vaticano non eran inconstitucionais, a pesares de permitir este tipo de despedidos. Afortunadamente o TSJC canario resolveu xudicialmente que o bispado vulnerou o dereito fundamental á intimidade.

Despois da sentenza ditada por unanimidade polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos sobre a violación da liberdade relixiosa por parte do Estado italiano por non ter retirado os crucifixos dun instituto; reabriuse unha polémica innecesaria dentro dun Estado español aconfesional que desde o 29 de Decembro de 1978 debería ter retirado todos os crucifixos das escolas e se non se fixo, é precisamente pola forza da Igrexa no ensino concertado.

Pasando da Constitución e ignorando dita sentenza o consello Superior da Maxistratura italiano (respectuoso cunha circular de 1926 ditada polo goberno fascista de Benito Mussolini que autorizaba as cruces nos tribunais) acaba de apartar ó xuíz Luigi Tosti das súas funcións por indisciplina ó negarse a impartir xustiza baixo un crucifixo.

Un crucifixo nun hospital, escola, xulgado, etc, supón adscribir unha soa relixión ós usuarios do centro, indo en contra da liberdade relixiosa dos non católicos.

O 10 de xaneiro aparecía no editorial do decano dos periódicos monárquicos unha foto a cor onde se vía estreitando as mans, a Monseñor Uriarte e J.I. Munilla no traspaso de poderes na polémica investidura do novo bispo de Guipúscoa, debaixo xusto da foto tamén a toda cor, deslizóuselle o seguinte anuncio : SEXO É VIDA! ¿Problemas de Erección?, ¿Exaculación Precoz? Impagable a maneira subliminábel de presentar os problemas que sempre lles trouxeron de cabeza, o da espiritualidade é un tema secundario (traficar con almas que ninguén viu é doado pero



enfrentarse ós "pecados" da carne é mais problemático).

Alleos a cuestións relacionadas co tiki-taka, só de palabra, vista a súa traxectoria de pederastia, homosexualidade e putiferio fino, críticos dos preservativos e de calquera anticonceptivo que cuestione o seu modelo de familia católica (crecede e multiplicádevos) non lles importa - ó Papa o primeiro- que miles de persoas estean a morrer en África por contaxio do VIH.

Para o reverendo Jerry Falwell, fundador da Universidade Liberty: a sida non é só o castigo de Deus ós homosexuais; é o castigo de Deus para a sociedade que tolera ós homosexuais.

En 2008, unha muller católica embarazada en avanzado estado de xestación dun feto con holoprosencefalia predestinado a unha morte inmediata, ou a vivir como un vexetal, tivo que ir a Francia a abortar.

Lembremos a infame campaña contra o lince e as mulleres que abortan, baseada nun delirio dogmático que segue preso dun profundo desprezo pola ciencia, confundindo un embrión cun home (o desenvolvemento do ser humano é un proceso gradual) eliminando a distinción aristotélica entre "ser en acto" e "ser en potencia" recollida na escolástica tomista do século XIII e ignorando a fecundación "in vitro" (tan só en Australia hai uns 11.000 embrións conxelados, moitos deles se empregarán en investigacións científicas para previr enfermidades).

En pleno século XXI se atreven a "excomulgar " a cristiáns de base como Bono ou Pepiño Blanco. "Los Camps, Fabras, Encisos, Millets, Matas, etcétera no son pecadores públicos y pueden recibir la eucaristía cuantas veces les apetezca. Quienes aprueban una ley que preserva a los jóvenes de una maternidad indeseada y se esfuerzan en frenar los estragos del sida", no (Juan Goytisolo: "Apriétense los cinturones". El País, 20 de decembro de 2009).

O aborto está permitido en bastantes países da Unión Europea ó menos durante as primeiras catorce semanas; ata a mesma "dama de ferro", referente dos conservadores españois, o tiña claro hai tempo, cando as nenas de familia acomodada acudían en avión a interromper o seu embarazo á Gran Bretaña.

A aprobación dunha lei permite regular tanto situacións conflitivas como dar protección ós mais débiles, evitando así, que poidan asumir responsabilidades penais.

Non é obrigatorio abortar (situación traumática para unha muller) como non o é tampouco divorciarse. Os que mais se opoñen a que se aproben estas leis, son logo os primeiros en beneficiarse, como moi ben sabe Álvarez Cascos, para quen o goberno socialista era unha anomalía na historia española.

2.- NON SÓ DE PAN VIVE MONSEÑOR

Walter Benjamin escritor de orixe xudía, escribiu nun texto inédito Capitalismo como relixión que logo se incluíu nas súas obras completas: "O cristianismo non favoreceu en tempos da Reforma a aparición do capitalismo, senón que se transformou no capitalismo", "... este serve esencial-

mente á satisfacción das mesmas preocupacións, suplicios, inqedas, ás que daban resposta antigamente as chamadas relixións...".

Namentres, a Igrexa dos "pobres" anda distraída polo mundo adiante axudando os máis necesitados do planeta, a que merenda caviar, hai tempo que entendeu que en pleno mercado pletórico *"Exigir penalidades antes de obtener el paraíso fue la ecuación religiosa que inspiró el éxito del capitalismo de producción"*... (Vicente Verdú: *"Aporías de la nueva década (y3)"*. *El País*, 23 de xaneiro de 2010).

A "celebración" non se reduce só o domingo e festas de gardar, senón a todos os días da semana e para iso cantos mais millóns de euros aparezan na conta corrente, mellor.

Quen así debía de pensar, é o sacerdote Miguel Castillejo director de Cajasur ata que o Banco de España lle obrigou a fusionarse con Unicaja tras atopar un furado na sotana de 596 millóns por fondos non cubertos. Inversións inmobiliarias, control de empresas, movementos en Bolsa (estes "valores" si que son sagrados). O paisano púxose unha pensión vitalicia de 2,9 millóns de euros -agárrenme esa mosca polo rabo-.

3.- GELP, GELP! (Hai que ir practicando inglés)

Vítima dunha crise económica orixinada polo descontrol no regulamento dos mercados financeiros, diana de todos os males que acontecen no país: paro, déficit público, inmigración, etc. ZP cotiza á baixa. A xente pide cambio.

Tranquis!, que aí!, aí! está el - o señor dos "hilillos de plastelina"-, cociñeiro social e moi pronto se a situación o require: picador dun touro -de plástico- na Monumental de Barcelona. Rodeado de corrupción por todas partes (só en Galicia 46 causas contra afectados con carné) e crecido polas enquisas, está disposto a sacarnos desta penuria.

A súa ideoloxía neoliberal é a que mellor entende os problemas que se orixinan no fluxo e reflujo de capital: intervención mínima do Estado, privatización de beneficios e socialización das perdas. Serva como exemplo o que dixo o presidente da patronal, Díaz Ferrán: *"a mellor empresa pública é a que non existe"*.

Alumnos avantaxados son a "cojonuda cañi" e o "sastrecillo indecente", presumían de eficacia e boa xestión cando o ladrillo valía o seu peso en ouro, agora resollan e responsabilizan á política económica do goberno.

Cuestionan os piares básicos do Estado de Dereito (Fiscalía, Policía) todo vale con tal de chegar a mandar, porque o poder lle pertence por decreto episcopal.

En Galicia xa estamos vendo como funciona a maquinaria: por unha banda fan ruído mediático con temas como o decreto de normalización lingüística e a fusión das Caixas. Por outra, privatizan absolutamente todo: depuradoras, parques de bombeiros, centros de día, centros de menores, ata os ovos que vai por a "galiña azul".

O máis triste é que tamén queren privatizar a lingua. A Rede Popular de Ensino en Galego adiantándose ó infame borrador do novo decreto que pretende regular o uso da lingua na escola, está captando socios para un proxecto educativo global en galego, de carácter privado, con independencia de quen governe (o bipartito non se atreveu a cumprir o que eles mesmos asinaron e os "inglesitos" apostan

pola súa desaparición a curto prazo).

As privatizacións non son malas. O problema aparece cando as colocamos en mans amigas. Non se vivía a súa xestión como pasou coas Fundacións Sanitarias e se remata por cargar as perdas ó erario público, ademais de ter que recolocar ós traballadores.

Namentres o fillo de Baltar herdou a presidencia, porque o rapaz ben o merecía. Ese outro "chulazo", ex-presidente da Deputación de Lugo que se paseaba co Xaguar S-Type de 84.000 euros pola Ronda da Muralla, fixo seu o mandato bíblico: " herdarás a terra", e xunto con outros amigos se inventaron unha Fundación ambiental nunha finca de 200 hectáreas preto do Pazo de Tor (Monforte de Lemos) cedida pola Deputación. En 2007, o señor Cacharro, designouse patrono vitalicio cando aínda estaba desenvolvendo o cargo en funcións, e cun "par", e a presenza doutros catro patróns inscribiron ese terreo público a nome da entidade. Hoxe o caso está en mans da fiscalía.

No que ía ser unha nova arca de Noé, descubriuse unha deforestación masiva, prácticas ilegais de caza, maltrato a animais, anomalías en varias facturas, viaxes de luxo - tres a Bolonia nun só día-, etc. Seica ían promover a investigación, a formación e o desenvolvemento da pesca continental en Galicia.

4.- DEVOCIÓNS FEIJOONIANAS

En pleno éxtase apostólico, cegados por unha explosión de luz na que todos os gatos nos parecen pardos, asistimos con estupor á fazaña do primeiro peregrino acuático da Ruta Xacobeá, David Meca; atravesou a Ría de Arousa baixo segredo de confesión. A empresa que o patrocina esixiu confidencialidade nos honorarios, é dicir, que lle pagaron con fondos reservados da caixa "B" pasándose a Lei (4/2006 do 30 de xuño) de Transparencia e boas Prácticas



da xestión pública galega pola entreperna. O conselleiro "ensimesmado", di que só o revelará se llo esixe o Parlamento.

E cando parecía que as augas volvían ó seu muíño; como se acabara de chegar da Batalla das Termópilas, aproveitando que a Cidade da Cultura (hai quen con mellor criterio lle chama "contenedor") tamén forma parte da festa, vai e se nos reencarna Pérez Varela: *"El control del gasto fue tan grande que es la obra maestra de envergadura más barata que se haya hecho"*... *"La Cidade da Cultura había que hacerla por autoestima y por espíritu de superación. Hai que soñar..."*.

Aínda sen rematar, o gasto desenvolvido supera os 500 millóns (catro veces máis do presupostado). Por iso, di o seu colega Vázquez Portomeñe: "O primeiro que hai que facer é exonerar-la Comunidade Autónoma desta sangría, promover-la iniciativa privada e rematar-la obra seguida. O parque podería chamarse Cidade Xacobeá da Cultura". (El Correo Gallego, 31 de decembro de 2009). Quere convertela en parque temático. Debería poñerse en contacto con Zaplana, gran impulsor de "Terra Mítica" (no exercicio de 2001 levaba unhas perdas de 38,8 millóns de euros).

Que os deteñan? Non. Primeiro, que lle pidan desculpas ó Home de Neandertal e logo, que os declaren especie protexida como os tigres de Siberia e os trasladen a unha reserva natural.

Descansemos agora deste mundo de frikis instalados no estipendio para centramos no que realmente interesa.

Lembren, estamos a falar de conflito entre institucións. A relixión entendida como proceso histórico, como unha multiplicidade de institucións, cerimoniais, en plano física e deixando de lado o que se entende por "experiencia relixiosa" que relegamos ó plano da neurofisioloxía.

Para Gustavo Bueno a Relixión desapareceu practicamente cando desapareceron os númenes, agora son superestruturas ou como dicía Unamuno: "a Igrexa Católica é Dereito romano e Filosofía grega e un conxunto de funcionarios que viven en torno a elas".

Manuel Azaña afirmou na Cámara cando era Ministro da Guerra: "España ha dejado de ser católica. El problema político consiguiente es organizar el Estado en forma tal que quede adecuado a esta fase nueva e histórica del pueblo español" (El Sol, 14 de outubro de 1931).



Pilar Farjas, conselleira de Sanidade

Os estudos que o avalan proceden do informe que publicou a Universitat Progressista de Catalunya no que se aportan datos interesantes recollidos alí, - se poden facer extensibles ó resto de España- ós que non se lles prestou a atención que merecen, por exemplo: só o 36% se define como practicante, o 37% como non practicante e o 19,9% como non crente (agnóstico ou ateo). Entre os xoves nados na democracia, só o 9,4% se consideran practicantes, o 39% non practicante e o 46,4% como indiferente, ateo ou agnóstico. O 74% non asiste case nunca a cerimoniais relixiosas e só un 4,7% asiste á misa dominical. O 47% cre que a Igrexa está máis preto dos poderosos e dos ricos que dos pobres e necesitados.

Á poboación española, e, moí en especial, a xuventude - que representa o futuro- considera á Igrexa irrelevante e decadente. (¿Es España católica? Vicenç Navarro. El Público, 24 de decembro de 2009).

Entón, o que se está a celebrar este ano en Compostela (e

se seguirá celebrando ata o 2021 en Gaiápolis) obedece a intereses económicos que tanto a Igrexa como o Estado subscriben en beneficio mutuo. O patético é que Núñez Feijóo -delegado rexio na Ofrenda de Translación do Apóstolo Santiago- e presidente do parlamento galego, escenifique nun discurso infantil un espírito relixioso transido de "galleguidade" que avergoñaría a calquera lector de "Os Bolechas", sen o mais mínimo rigor intelectual e que se lle podería atribuír perfectamente a Benedicto XVI :

"Galicia necesita la "intercesión" del Apóstol para no caer en el "desasosiego" (...) ver en la unidad la garantía de su fuerza", (...) Tu santa presencia en el pasar de los años te hará recordar instantes similares en nuestra historia". Recordou un rosario de guerras, penurias e lle pediu axuda neste momento de dificultades económicas para "sobreponerse". "(...) sacrificio, generosidad e ilusión ..."El Xacobeo transforma al extranjero en peregrino . Las rutas que se dirigen a Santiago son como un río donde desembocan diversos afluentes que se juntan para formar una misma corriente humana. (...) "...esa Humanidad se construyó también en el Camino..."", etc, etc. (Intervención do presidente da Xunta, na presentación do Xacobeo 2010). En fin, paz e amor, Galicia unidade de destino no universal e "lles güi ken".

No seu excelente ensaio *La Religión, vaya timo* (Laetoli 2009), Gonzalo Puente Ojea seguindo o dicionario da RAE define timo como: "engañar a otro con promesas y esperanzas". "...Creemos firmemente en que el mal no tiene la última palabra, en que Dios nos ofrece una felicidad eterna..." (Bispo Munilla, entrevista na *Ser*, 14-01-10).

Con independencia do "a Deus rogando e co mazo dando", cando un político que presume de pragmatismo e austeridade para solucionar unha crise económica é incapaz de asumir que a súa tarefa debe separar a laicidade que percorre os artigos da Constitución -máxima expresividade da sociedade civil- da esfera privada das súas vivencias relixiosas (nótese que non estamos negando o evidente carácter público da relixión) e utiliza argumentos centrados na fe, ilusión, esperanza, xenerosidade, humanismo, etc; como faría calquera crego na súa homilía, está timando ó conxunto dos cidadáns galegos, tanto ós que o votaron como ós moitos que non o fixeron.

"Un timo sin riesgos, quizá un cándido autoengaño para algunos, y un espléndido negocio para la mayoría en las diversas formas del fenómeno del poder", (Puente Ojea, op. cit., p. 12)

Mentres lle sacas brillo as conchas da vieira, en verdade che digo - mon semblable, mon frère- seguindo a Lutero na súa carta a Melanchton (*Pecca Fortiter, sed credere fortius*): "Peca e peca forte... Entanto esteamos aquí abaixo, é necesario que o pecado exista... así forniquemos... mil veces por día..." porque aí está a verdadeira luz e o saben todos os peregrinos.

Y, sobre todo, habrá que arrinconar, de una vez para siempre a todo el que pretenda mezclar ideas religiosas con la acción política, que debe apartarse, de una vez, de un clericalismo que mancha a esa misma religión, que apartada a su santuario, podría de nuevo aliviar a los espíritus en vez de envenenarlos.

Elisa Morales de Giner de los Ríos. *La Proclamación.*

Do demo ao medo, pouco temos andado

Basilio Cobo

Neste artigo querería analizar o medo na actualidade. Voume valer como *leitmotiv*, con perdón, da gripe A, a campaña da OMS-gobernos e a propaganda do medo que a acompañou. Hai un medo atávico e incontrolable que reside no paleo-cerebro, dese non podemos tratar, como ben queda claro na súa propia definición. Pero hai outro tipo de medo, aprendido ou que cremos herdado co que desde o principio dos tempos ten xogado e manipulado a dominancia, dese tipo de medo tratará este artigo.

Primeiro de nada vou poñer as ditas: ao facer a descripción arqueolóxica do medo, pode darse a entender que a secuencia en sucesivas etapas ao longo do escrito, que unha destas etapas elimine ou fai desaparecer á previa, nada está máis lonxe diso; a descripción dunha das formas de medo máis de moda durante un tempo, non significa a súa desaparición histórica, senón que convive co resto das outras. O medo ten a traverso da historia un desenvolvemento desigual e combinado tanto xeográfica como politicamente.

O medo preséntase vestido en distintas metáforas polo que moitas veces é difícil dar con il. Vaia un exemplo por de diante. Hai moito Xerxes, emperador dos persas, mandou un escarmento de tropecentos azoutes ao mar no Heleponto por engulir a pasarela de barcas que estaba a montar, que absurdo! pensamos coa nosa mente moderna ou posmoderna, sen embargo até hai pouco, moi pouco, menos de 30 anos, que no noso código militar se arrestaba e daba castigo aos homes, semovientes (mulos, cabalos...) armas (blancas e de fogo), bens mobles (carros de combates, camiións REO ...) bens inmobles (pistas americanas, piscinas...). Un resto despótico convive na modernidade (fontes Heredoto, *vox populi*).



O poder s e m p r e usou e se sustentou no medo. Co medo goberna El-Rey sobre o pobo, co medo o patrón controla os servos, co medo o pai controla a prole. O medo é unha aprendizaxe ligada á dor, ao castigo: dor mental, dor carnal. Pouco cambia o medo que impoñían as murallas do castelo defendido por espadas ao medo kafkiano á burocracia, condensado na frase do refraneiro: quen garda as viñas?

O castigo con azoutes de mao ou con vergallo, os tormentos e as torturas, as tormentas e lostrego de Zeus-Deus.

Relixión e medo van xunguidos, non poden arar o un sen o outro. A relixión como metáfora do medo, como refuxio ante a adversidade; a relixión clerical como caixa de aforros co debe-haber (pecado-virtude) para a vida eterna; a relixión (vida presente) negociadora=negadora de ocioso máis Alá (vida ausente) coa Morte. Algún chama a virtude temor de Deus, outros lle chaman medo ao inferno, pero non querería polemizar se é o medo o inferno ou a contrición que dá o perdón católico.

Son os deuses os administradores do medo, da lei, da piedade, xa na antiga Grecia varios filósofos son condeados por impíos, por non crer nos deuses e ensinar. *"Había un interese en determinadas persoas en manter aos homes na ignorancia, co medo no máis alá como instrumento principal"*. Extraio outro parrapiño do libro de Luciano Canfora *Unha profesión peligrosa*, a propósito de Sisifo, obra de Critias, parente de Platón: *"a obra ambientada en tempos remotos na que a vida humana carecía de orde, era escrava da forza (...) así pretendía expricar o nacemento da lei como un correctivo, por desgraza imperfecto e ineficaz, xa que a xente facía o mal as agachadas. Pero ao final un home sagaz e sabio inventou para os seres humanos o temor aos deuses como único remedio. Esta obra teatral era considerada como subversiva..."*

YHVH, o deus xudeu da Biblia que destrúe as cidades de Sodoma e Gomorra con lume e xofre, que no libro do Éxodo castiga Exipto coas sete plagas para que o pobo escollido poda volver á Terra Prometida (que excesos, que lembranzas traen na actualidade estas verbas!). O mesmo que a través dos seus voceiros (avogados) os profetas, ordean pasar a coitelo e aniquilar aos seus inimigos e familias, arar terras e sementalas de sal. Ai Sharón, Sharón que pouco orixinal es!

O demo xiquera é invento da Biblia, xa Zoroastro traía consigo nas súas predicacións, ideou a súa existencia como unha das caras da mesma moeda, dous xemelgos, Ormuz e Arihmán, o ben e o mal. Luzbel ou Belzebú é uns dos anxos arcanos o dos arcanos: o demo. O demo inflúe á demos, sobre o home para que faga o mal, para que se perda, no medo habita o demo, é o medo interno o da conciencia, o de escoller entre o ben e o mal, vivir dividido pola dúbida, é todo isto por unha mazá... sen esquecer que nas relixións cristiás maioritarias a persoa parte para a vida con desvantaxe, ven maculada, ven pexada co pecado orixinal. Cantas angustias, cantos temores a que o pequeno fose a parar ao limbo dos xustos por non ter recibido xiquera a auga do socorro ou o bautismo, isa augüña no couquizo. A cantos lle valeu para salvar a vida e bens terrenais o baptizarse aínda de pé. E a non poucos na posguerra civil o ir a misa, non para salvar a alma, senón o corpo.

"Los hijos que no tuvimos, se esconden en las cloacas", cantaba Aute en *Al Alba*, xa se entende a campaña contra o

aborto, nen xiquera ao limbo dos xustos, aínda que non sabemos se o *nasciturus* xa está xenital e xeneticamente infectado do pecado orixinal dende embrión, no caso contrario hai que entender o sumidoiro un simil do inferno.

Claro que o medo ás calamidades forma parte do sermón, mesmo se chega a personificar nos catro xinetes da Apocalipse. Se os anxos son aviación celestial, as ordes mendicantes a infantaría, aqueles son a cabalaría das alturas: a peste, a fame, a guerra e a morte. Aparece a peste, a enfermidade como escarmento apocalíptico divino. Un medo que vai arraigar en nós a medida que desde os púlpitos é lembrado e metamorfoseado segundo os intereses coetáneos. A SIDA foi presentada como un castigo deífico contra os tres H: homosexuais, hispters- drogatas de hipodérmica- e hemofilicos-fillos da endogamia-.

A SIDA coa súa exclusión social e os sidatorios, fallidos, recorda o uso e abuso que noutros tempos fixo a Igrexa dos leprosos, a utilización da lepra como subterfuxio para poder controlar baixo a súa dominancia estes enfermos e a outros que sen estar afectados da lepra eran recluídos á forza nos lazaretos. Facei memoria dos barrios san Lázaro das cidades mediavais, e cantos cartos deberon esmolarse co conto dos lazaretos; no seu tempo case tantos como co ardil de encher as arcas valeiras da Igrexa cos petos de ánimas do Purgatorio: a venda a prazos, a crédito dunha morada na vida eterna.

A peste durante a Idade Media e Moderna percorreu Europa acompañada dos outros xinetes, serviu para afianzar o medo e concentrar o poder político das monarquías. Os cordóns sanitarios tanto valían para enfermidade como para represións de todo tipo, un estado de excepción *avant la lettre*. Queimábanse os bens dos apestados, traidores á coroa, sospeitosos habituais de traer ou levar o *morbus*, extranxeiros, bruxas e xente de malvivir. Mentras a conciencia e o mal de conciencia medraban auspiciados pola Reforma e a Contrarreforma: tratábase de inocular a culpa e a severidade persoal até as extremas do calvinismo, ou lavalas coa confesión verbal, eran as épocas dun Estado, unha relixión como lema e principio da boa gobernanza das monarquías. Unha fé, un rei, unha nación.

A medida que a Ilustración como corrente intelectual defensora da ciencia e a Razón colle corpo no pensamento aparecen os herdeiros dos lazaretos: os manicomios ou frenocomios nos que se ailla a senrazón, a loucura para evitar o seu contaxio á Sociedade. Aínda pervive unha superstición medrosa e irracional a perder a razón, a volverse ido, a un algo que pode ocorrer por que si, sen explicación. Agora se fomenta como lenda urbán- trasunto policamente correcto de supestición- a través do ocio controlado polos medios de comunicación de masas, criadores da cultura popular posmoderna.

A pesar de algúns, a sociedade é cada vez máis racional, menos supersticiosa, menos relixiosa aínda que quizáis máis dada ao espectáculo ritualista. A xente crente é menos inxenua, xa poucos cren no poder das rogativas para que veña a chover para acabar unha seca. Os coñecementos metereolóxicos ou as prédicas do home-do-tempo deixan pouco lugar ás crenzas nas rogativas, non das predicións

climáticas. Así como case non queda xente a crer no demo metido na xente, non por iso quere isto dicir que non haxa na actualidade prazas de exorcista por oposición.

Os inimigos do home: mundo, demo e carne quedan obsoletos nunha sociedade cada vez menos clerical, hai que inventar outras cousas, hai que meter medo dalgún xeito: o código penal non é suficiente, por fortuna a pena de morte conta cada vez con menos adeptos, os grandes xigantes industriais do mundo -USA e China- seguen a mantela, pero a repulsa a estes métodos punitivos exemplarizantes- así como os acantazamentos e mutilacións islamistas- é cada vez meirande: todo é cultura, cultivo do medo.

Durante a segunda metade do século XX froito da Guerra Fría aparecen dous terrores externos: a hecatombe nuclear e a invasión vermella ou verde (terrestre e extraterrestre), nas súas dúas formas infectivas respectivas o comunismo e a abducción, nambas formas se propagarían clandestina e intestinamente na poboación até chegar a gobernarmos. Ambos medos xogaron papeis cruzais no pensamento colectivo durante anos, a través do ocio nos films hollywoodienses, como a través do negocio nos golpes militares asiáticos, latinoamericanos, africanos, etc.

Coa chegada do século XXI, que algúns fan iniciar no 1989 coa caída do Muro de Berlín, asistimos a aparición doutros tipos de medo. Mal empezou o ano 2000 coa resurrección do milenarismo. Esta vez non era a chegada do fin



do mundo e a chegada do Xuízo Final como no ano 1000 milenarismo que espallan os ecoloxistas catastrofistas, era o medo ao efecto 2000, o mundo íase parar, seríamos ningún, non seríamos en serio, ao perderse todos arquivos: DNI, Nº S.S., C/C. Non vos lembrades de Álvarez Cascos predicando a apocalipse telemática e a xustificación de gastos inxentes nos orzamentos.

Vou ir repasando pouco a pouco os medos que xa temos olvidados:

2001.- o antrax, mediante un bacilo por correo calquera podía ser vítima ou blanco dun ataque terrorista, inicialmente de orixe iraquiano: e o paradigma do substitutos do medo na posguerra fría, a guerra nuclear total e substuída polo terrorismo cego ou Terror. O Doutor Non é Ben Laden; e a invasión ET vai ser levada por infeccións.

2001-2003.- as *vacas tolas*, un ataque directo as cousas

de comer, ollo que con elas non se xoga, ataque a noso cerebro e a loucura cos prións. Unha puñalada e descabezo da nosa cabana gandeira, a nivel galego.

2002-2003.- Meteron un medo tremendo co case esquecido SARS (síndrome respiratorio agudo severo) do que Dr. Shigeru Omi, director rexional da OMS para o Pacífico Occidental, rexión que registrou el 97% dos casos, dixo que "O SARS é a maior epidemia do século XXI pero, irónicamente, as estratexias que funcionan para controlala son as do s. XIX, como a coarentena e o illamento".

2004-2006.- a gripe aviaria, outra vez a xogar coas cousas de comer, espero que se interprete a retransmisión ao uso da propaganda para crear pánico e medo non unha burla as vítimas do aspecto traxico da enfermidade (lembro o film *Pánico en las calles* dirixida por Elia Kazan, 1950). O feito que unha enfermidade sexa perigosa non dá dereito á manipulación dos sentimentos e temores da poboación, isto é un uso non ético da información veraz e menos o aproveitamento crematístico da alarma e o caos. Unha pequena nota a touro pasado: a primeira asociación do virus H5N1 con enfermidades respiratorias ocorreu en Hong Kong no 1997, con 18 casos humanos, durante unha epizootía do H5N1 nos mercados de venta de aves vivas (epizootía e o termo equivalente a epidemia cando se fala de animais). A epidemia caracterizouse cunha alta taxa de mortalidade (até un 33%), alta incidencia de neumonía (61%), alta incidencia de casos que tiveron que ser asistidos en UCI (51%). A vixianza serolóxica posterior revelou pouca evidencia de transmisión humano-humano.

2009-2010.- Estamos a asistir durante este ano a unha nova entrega dos fascículos do poder, poña un medo na súa vida, se non se quere enterar ou non colleu medo coa crise económica porque que cre que a cousa non vai abondo con vostede, cre cinicamente que a culpa e castigo é só do capitalismo financeiro: ollo ao porco! que trae gripe A (H1N1).

Os tempos corren unha barbaridade, case que repostos do pánico da gripe aviaria (H5N1) contida as portas de Constatinopla e a piques de entrar na nosa Comunidade Económica hai tan só un ano escaso.

Se imos un pouco máis atrás atopamos de novo unha ataque do leste en 1977, a gripe A (H1N1) chamado en plena Guerra Fría, a gripe rusa. A gripe estacional deste 2009 a A (H3N2) é posible que leve a máis xente que a gripe nova.

Maio-octubro de 2009: Arxentina

A epidemia alcanzou o seu pico máximo na semana epidemiolóxica 26 (28 de xunio ao 4 de xullo- para nos o equivalente estacionais serían o 26 de decembro ao 4 de xaneiro, peores polas reunión familiares do nadal), a partir da cal os casos comenaron a diminuír bruscamente, aínda que con variacións rexionais. O 20 de agosto (equivalente ao noso 20F) faleceu o derradeiro paciente confirmado ofi-

cialmente do abrocho pandémico na Arxentina, acadando así 539 persoas falecidas nas 20 provincias, emporiso o número final podería ser algo maior xa que para esa data inda se encontraban pendentes de confirmación outros 254 casos de morte. Durante a mesma foron hospitalizadas 10.773 persoas por afeccións respiratorias e se notificaron un total de 1.151.655 casos de Enfermidade Tipo Influenza (ETI), o que implica o 2,8% da poboación.

Que pasou entre nós? Poucas das autoridades políticas en sanidade colleron de exemplo tranquilizador á Arxentina, acababa de pasar o inverno, ten unha alta porcentaxe de poboación urban (Bos Aires e *mitteleuropa* cidadana) e non se dispuxo, non había vacina da Gripe A.

As listas estadísticas están engordadas coma en Arxentina, o ETI, aquí no *item* gripe, que un caixón de xastre non que se declara *online* e sen confirmar (por simple sospeita) todo tipo de cadro febril respiratorio: do nariz ao pulmón que chegue a un centro hospitalario ou pase por un Centro de Saúde (salvo honrosas excepcións que non entran ao trazo da manipulación político-económica baseado no principio de Thomas ou da profecía autocumplida) Os gastos desta campaña son inxentes, escapan ao control cidadán: unha mobilización similar ás doutrinas de guerra preventiva de Bush, que xa vimos que recolle...

Os antivirais usados (Tamiflú>Relenza) a maos abertas pola venta libre en Gran Bretaña amosan cada vez unha maior perda de eficiencia ante o virus gripe A, como lle pasou co da gripe aviaria: a setembro de 2009 a efectividade ten pasado de un 70-75% a un 20-30%. En boca cerrada non entran moscas. Os casos de gripe estacional está, estacionarios e dentro do esperado, a campaña está levada correctamente.

A gripe A considerase similar á ocorrida no ano 1957, co cal parte da poboación adulta maior estaría inmunizada.

Seguese a manter o principio inicial de baixa taxa infectiva ou

de propagación e con escasa gravidade clínica salvo en poboación de risco (patoloxías previas GRAVES). Pero isto mantense para calquera proceso vírico, mesmo a gripe estacional que se ceba especialmente nos anciáns.

OPORTUNIDADES PERDIDAS:

1.- Ao focalizar e centrar a propaganda na Gripe A, (xabón específico nos colexios, solucións de alcol e outras medidas funxibles e crematísticas) perdeuse a posibilidade do aprendizaxe e utilización dos métodos hixiénicos tradicionais: lavar as maos, poñer algo diante no instante de espirrar, usar panos de papel desbotables. Quito datos dun artigo médico "O simple lavado de maos se realiza entre o 15 e o 50 % das veces en que debería levarse a cabo", falamos entre profesionais sanitarios: Pi-Sunyer, Banqué M, Freixas N; Barcenilla F: *Higiene de manos: evidencia científica y sentido común*. Med Clin Monograf (Barc.) 2008

2.- A empaquetaxe de oseltamivir, como medicamento na



farmacia do Exército en Burgos dá pé para o desenvolvemento dos medicamentos blancos polos S.N.S (Servizo Nacional de Saúde, os 17). Os medicamentos blancos, son medicamentos orixinais empacados sen marca, tras unha compra masiva de envases clínicos. Os medicamentos xenéricos son medicamentos fabricados, unha vez caduca a patente, e empacados por laboratorios *ad-hoc*, na lei española se lles permite unha oscilación do 20% de marxe na dose a venda, legalmente un comprimido 20 mg pode oscilar de 16 a 24 mg.

PREGUNTAS:

Que lle pasa a OMS? Anda mal de finanzas, tratei de entrar en varias páxinas que trataban do tema e estaban rotos os enlaces. A alerta de pandemia saíu deles e moi axiña?

E coincidencia que a reforma e trámite nas cámaras Obama do sistema americano de Saúde, coincide co medo e pánico espallado. E outra volta de torca da Teoría do Caos, de Naomi Klein.

O que lle queda aos laboratorios farmacéuticos, coa liberación de patentes e a falta de respecto ás mesmas por parte dos países pobres: Sudáfrica e SIDA, Chindia e antibióticos etc. son as vacinas que requiren un grande desen-

volveremento tecnolóxico, mutan de ano en ano e forman parte das obrigas dos bos pais para ca súas crianzas.

Algún diretivo de Farmaindustria en vacinas soñou algunha vez vender nunha tempada 20 millóns de vacinas en España, 70 millóns en Francia, etc, que non valen para tempada seguinte?

Post escritum

http://www.elperiodico.com/default.asp?idpublicacio_PK=46&idioma=CAS&idnoticia_PK=674428&idseccio_PK=1474

-12/1/2010. Compraron 37 millóns e usaron 13. Jiménez reiterou que se actuou con "proporcionalidad"e' ao mercar as vacinas contra a gripe A

-5/1/2010. SANIDADE: Francia subhasta vvacinas da gripe A..

-3/1/2010. ABASTECIMIENTO DE FÁRMACOS contra a epidemia. España cancela a compra de 24 millóns de vacinas da gripe A

-30/12/2009. Balance da enfermidade.271 persoas morreron por gripe A en España-EUROPA PRESS.

-http://www.elpais.com/articulo/sociedad/OMS/anuncia/investigacion/externa/gestion/gripe/elpepusoc/20100113elpepusoc_9/Tes

-13/01/2010. A OMS anuncia unha investigación externa de súa xestión da gripe A. O Consello de Europa debatirá se houbo alarmismo e se beneficiou a laboratorios. EL PAÍS/AGENCIAS.

Óptimo retrato del siglo XX

Amancio Delgado

¿Es óptimo optimizar? Siguiendo el método didáctico del padre Astete (creador del Catecismo) deberíamos contestar: no, no es bueno optimizar. ¿Porqué?, seguiría preguntando el método retórico: porque lo mejor es enemigo de lo bueno, podríamos rematar.

Me explico. Optimizar es uno de esos verbos de nueva creación, producto del desarrollo informático del tercer tercio del siglo XX. Y como casi todo lo producido en ese nefasto tercer tercio (televisión, globalización, telefonía móvil, capitalismo liberal, la muñeca Barby...) es malo, perverso.

Optimizar puede ser bueno en algún caso concreto, pero como ley es nefasto. Si optimizamos lo óptimo, estamos negando la negación, con lo que en realidad estamos afirmando. De forma que optimizando lo óptimo realmente estamos empeorando la situación.

Que lo mejor es enemigo de lo bueno lo sabemos hace tiempo. Como en el caso de lo óptimo, puede ser bueno, pero sin olvidar en ningún momento lo bueno, es decir, en función de qué estamos mejorando u optimizando un proceso. No puede ser bueno optimizar la rentabilidad económica occidental si sólo puede ser a costa de seguir expoliando al Tercer Mundo.

Tengo para mí que el siglo veinte remata un ciclo astrológico, el de Piscis, que ha sido nefasto: el cristianismo vino a negar el panteón de dioses abogando por el dios único, lo que desarrolló la burocracia clerical que pronto excretó la corrupción como método. No es que el poder corrompa, lo que ocurre es que la corrupción da poder. Y, en cuanto los listillos jesuíticos lo descubrieron, ya la tenemos montada.

Pues bien, eso terminó. Estamos en el nuevo ciclo astrológico de Acuario (de aquí al año 4.000) y la tortilla se vuelve. Nuestra época viene a demostrar que el siglo XX fue el último de un ciclo maldito, donde se concentran la mayor cantidad de atrocidades que caben en la mente humana. En su día los estudios históricos podrán demostrar que son más eficientes, productivas y sabias las religiones y en general cualquier organización que admita un plantel variado de dioses y valores, es decir que los mono-teísmos son detestables por concepto y por prácticas perversas a las que nos abocan. Como las monarquías (jerarquía del mono), que están a punto de rematar. Caña al mono.

Sedesequilibrium

me gusta la palabra equilibrio

Aureana do Sil, as entreliñas dun "lied"

Matilde Barbadá

A redor do río Sil, dos seus traballos, lendas e tradicións, existen dúas palabras: sildoura e aureana, sobre as que os especialistas da etnografía, do folclore popular e os lexicólogos levan dándolle voltas dende hai moitos anos. Tamén os creadores de contos e os fabuladores de mitos. Arrancan todos eles de mediados do século XIX, e culminan coa narración "*Aureana, lenda galega*", de Enrique Mal de Vizoso, publicada na Habana, e co poema "*A Aureana e o alicorne*" de Luís Seoane.

As sildouras serían as ninfas ou seres maravillosos das augas do Sil, que os deuses enviaban aos veciños das ribeiras para favorecelos, ou para protexelos como anxos tutelares. Esta crenza tería as raíces nas antigas tribos prerromanas dos "*astures*" que habitaban no curso medio do río. Verían a ser na imaxinación destes pobos o que nos nosos días son as fadas para os creadores de historias literarias. Durante o longo proceso de cristianización, consecuencia da expansión de Roma, as sildouras e outras figuras mitolóxicas, pouco a pouco foron substituídas no imaxinario popular por unha morea de virxes ligadas aos accidentes xeográficos: covas, ríos, rochas, fontes, montes, etc. Transformáronse así dende entes protectores a figuras intermediarias na procura de favores divinos. As de máis sona acadaron asociándose a diversas prácticas milagreiras e desataron fervores relixiosos. Neste campo atopárase a devoción pola virxe das Ermidas, no concello do Bolo, que estaría entroncada nun ancestral lugar de culto de algunha divinidade do panteón indíxena prerromano. Sobre eses cultos referíase Séneca oa falar de que un home sensato non pode temer os deuses, desde o momento que ninguén pode querer o que teme: "*Deos nemo sanus timet, furor enim est metuere salutaria, nec quisquam amat quos timet*" (*De beneficiis*).

Outras interpretacións aluden ás sildouras como as mulleres que vivían dos traballos asociados ao río: lavandeiras, pescadeiras, etc. Tamén nalgunhas aldeas das ribeiras do Sil, nomeaban así as buscadoras estacionais de ouro aínda que na maior parte do curso do río: no Bierzo baixo, nas terras de Valdeorras, nas de Trives, e nas do val de Quiroga, utilizábase máis de cotío o termo de oreanas.

Dende os tempos antigos a pescuda de ouro foi unha actividade de escravos, aventureiros, encomendeiros, xogadores, delinquentes, e elementos marxinais nas sociedades establecidas como Estados. Porque o ouro dificilmente ten

un lugar na produción humana. Carece de importancia comparado co ferro, co carbón, ou petróleo, mais é o máis vello símbolo da riqueza. Por iso o lugar irracional e non funcional do ouro na economía independizao dos métodos racionais de produción. O ouro é un obxecto para a especulación e o seu valor depende de factores políticos.

As oreanas-aureanas do oriente ourensán, mulleres que ocupaban unha posición subalterna nunha sociedade marxinal, cunhas bacías de madeira, cribaban os sedimentos estacionais que o río Sil e os seus afluentes: Cua, Lor, Bibeí, Soldón, Cabreira, Valado, Galir, Riocigueño..., deixaban nas beiras, en procura de pebidas ou areas de ouro. Aínda que as aureanas proviñan de calquera aldea das beiras tiñan moita sona as de Seadur, no concello de Larouco, que era un oficio característico do lugar, e que bateaban preferentemente nos ríos Bibeí, Xares e Camba. Tamén eran moi afamadas as de Quereño, e as de Pumares, no concello de Rubiá, que recorrían a bacía do Sil pola parte do



Bierzo. A práctica de sedimentar as areas era un oficio preferentemente de mulleres cun forte lazo familiar e pasábase de nais a fillas. O traballo levábano a cabo nos meses de verán e era unha axuda para a economía familiar dependente totalmente do agro. O ouro acadado era intercambiado por produtos de ultramarinos e apeiros de labranza nas casas dos comerciantes con establecemento nos arredores, dos que as aureanas eran clientas. Nos anos trinta pagábase o gramo de ouro entre dúas pesetas e dúas e media, chegando ata as 75 pesetas a mediados dos anos cincuenta. A finais da década durante unha temporada estival unha aureana podía apañar ouro por un valor de 400 pesetas, cando o xornal medio dun xornaleiro apenas excedía as trinta pesetas.

Na primeira metade do século pasado destacáronse como adquirentes esporádicos do traballo das aureanas os establecementos de Laureano Gayoso, en Quereño; Rogelio Limeres e Ulpiano Rodríguez, na Ponte Nova; Basilio Cobo, no Sobradelo; Xosé Corcoba, en Pumares; Francisco Pomar, en San Xusto; Xosé María Suárez, en Petín; Manuel Gurriarán, en Córcomo; Dionisio Feijoo, en Seadur; e Alfonso Cebrián, na Rúa. Tamén interviñan na intermediación do ouro as pequenas casas de banca establecidas nas vilas: Manuel Mayo na Ponte de Domingo Flórez; Viúva de Nicolás González en Vilafranca do Bierzo; Manuel Blanco, Ignacio Cid e Xermán Vázquez, en

Quiroga; Xosé Barrio e Pío López, en San Clodio; López Bobo e Eduardo e Xulián Fernández, na Rúa; Ignacio Romero e Rodicio Irmáns, na Pobra de Trives; Xermán Fernández e a Viúva de Manuel Casado, no Castro Caldelas; e Xoaquín Arias, Dario Núñez e Gurriarán Irmáns, no Barco.

A tradición oral remonta as raíces ás explotacións auríferas romanas. Aínda que pode que a práctica sexa anterior como parecen confirman as alfaias atopadas en enterramentos megalíticos compostos por torques, fibulas, vasos ou arracadas feitos de ouro. Os viaxeiros ilustrados do século XVIII tamén achacaban aos romanos o nacemento da industria do laboreo das áreas aínda que culpaban á avaricia e codicia do Imperio do agotamento das vetas de mineral.

A partires da perda das colonias americanas, e dos ingresos que delas proviñan, produciuse un incremento do valor e polo tanto do número de aureanas. O declive iniciábase co descubrimento de minas en California e, na década dos oitenta do século XIX, co inicio da explotación esclavista do xacemento de Witwatersrand, Suráfrica, que inundou o mercado mundial de ouro. No Sil renaceu a procura de ouro durante a posguerra autárquica franquista pola longa coxuntura de miseria e fame que provocou no mundo rural. Aínda no primeiro quinquenio dos anos sesenta víanse pequenos e esporádicos grupos de dous ou tres vellas aureanas, afanadas no areal da desembocadura do río Valado, fronte o Porto da Barca; nas ribeiras de San Xusto e Quereño; ou na aldea de Trambasaugas e no lugar de Portocarballo no Riocigüeño.

O desenvolvemento do sistema de encoros na bacía do Sil para producir electricidade que entorpeceu os arrastres estacionais do río; a gran emigración a Europa das capas máis desfavorecidas da poboación; a desfeita dos modos tradicionais da vida e do mundo ideolóxico labrego; acadaron cos traballos e as lendas en torno ás augas dos ríos.

Non foron as aureanas as únicas que desapareceron. Con elas tamén se extinguiron as sildouras; as quiobras de conchas; as temibles palas das rochas; os croiais depredados por aproveitados empresarios; os pescadores tradicionais e os caneiros; os barqueiros e os mestres carpinteiros que traballaban as lanchas; os muiñeiros xunto cos muiños hidráulicos dos regatos; as lavandeiras; mais tamén as anguias, os salmóns e as londras. Por non esquecer as bromas xuvenís dos biosbardos (cocerellos ou cotofellos en Valdeorras).

De todo ese mundo só restan as creacións literarias. No ano 1927 Ramón Cabanillas, o gran poeta agrarista e anticaciquil, publica en Mondariz o poemario "*A Rosa de cen Follas. Breviario de amor*". Eran composicións románticas, cunha profunda inspiración intimista, e dunha gran simpleza formal que entroncan cos nosos trobadores. O estudoso Ricardo Carballo Calero chegou a dicir dos versos que "*cando os lee recórdanlle ao mellor Heine*".

A melancolía que transmiten fará de Cabanillas o poeta galego, deste século, máis musicado. Preferentemente polos compositores cataláns. Manuel Blancafort musica o poema "*Ceiño da miña aldea*", e Xavier Montsalvatge fai o mesmo coa canción "*Meus Irmáns*".

No libriño tamén se atopa o pequeno poema "*Aureana do Sil*", inspirado nas conversas sobre mitoloxías nórdicas e xermánicas que, ao carón da lume mantivera na súa casa de Cambados, con Vicente Risco e outros compoñentes da xeración Nós. A tenra visión de Cabanillas é esta:

As áreas de ouro,
aureana do Sil,
son as bágoas acedas
que me fas chorar tí.

Co-as que collas no río,
aureana do Sil,
mercarás, canto moito,
un amor infeliz.

Para dar cun cariño
verdadeiro, has de vir
enxoitarmas nos ollos,
aureana do Sil.

Sobre o poema o tamén compositor catalán Frederic Mompou musicouno para interpretación vocal. Era Mompou un creador ligado ao movemento impresionista francés que no París de primeiros de século foi discípulo de Debussy, Satie e Gabriel Faure. As súas composicións revístense de claridade, concisión e simpleza que ao final da súa vida transfórmanse nunha expresión voluntariamente espida, libre de artificios e reducida ao esencial.

A relación profesional de Mompou con Galicia veu da man da súa mistade co mundo musical galego. Exerceu durante anos como profesor dos cursos de Música Española que no verán impartíanse en Santiago, no marco dos encontros "*Música en Compostela*", e onde coñeceu un Ramón Cabanillas nos últimos anos da súa vida. As largas estancias dos cursos, coa creación dun ligamen afectivo coa paisaxe galega, plasmouno tamén na composición dunha obra para guitarra "*Suite Compostelana*" (1962), e outra para piano "*Carros de Galicia*" (1960). A inspiración da derradeira naceulle ao escoitar os cantos dos carros do país durante as estancias na casa de Vicente Risco en Castro Caldelas.

O "*lied*" Aureana do Sil, composta en 1951 e dedicada ao crítico e musicólogo Antonio Fernández Cid, foi estreada na sociedade ourensán Liceo Recreo en xuño dese mesmo ano pola soprano Carmen Pérez Durias acompañada ao piano por Carmen Díaz Martín.

Co paso dos anos "*Aureana do Sil*", xunto con outras composicións do autor: "*Bequerianas*", sobre poemas de Gustavo Adolfo Becquer; "*Cantar del Alma*", de San Juan de la Cruz; "*Deux Melodies*", sobre os de Juan Ramón Jiménez; converteuse nun recurso habitual dos recitais das intérpretes ibéricas.

Bibliografía:

- Cabanillas, Ramón, *Obra completa*. Editorial Akal, 1989.
- Delibes, Miguel, "*Las oreanas del Sil*", na *Vanguardia*, 22/09/1986.
- Labrada, Lucas, *Descripción económica del reino de Galicia*. Editorial Galaxia, 1971.

FAMILIA MARTÍNEZ ÁLVAREZ

Manuel Martínez Martínez, de 53 anos, e o seu fillo Manuel Martínez Álvarez, de 23 anos, apareceron "paseados" no concello de Quiroga o día 27 de setembro de 1936. Veciños de Rubiá levaban fuxidos polos montes dende o día 21 de xulio tras a toma da comarca polas forzas golpistas. Apresados pola Garda Civil na estación de san Clodio de Ribas de Sil cando intentaban coller un tren trasladáronos a cárcere do concello estremeiro de Quiroga na que foron identificados. Avisados da detención os falanxistas de Valdeorras, que tiñan o cuartel na Casa do Riocigueño, desplazaron un pelotón da Primeira Liña do Barco que á noitiña tras facerse cargo deles os mataron deixando os dous cadáveres nunha gabia da estrada A Rúa-Monforte.

Manuel Martínez Martínez, natural da aldea do Robledo da Lastra, era o secretario municipal de Rubiá e presidente da agrupación local de *Izquierda Republicana*.

Emparentado por parte da muller coa familia barquense do comerciante Eliseo Álvarez, estaba viúvo e tiña tres fillos. O máis novo, Enrique, tamén escapou co pai ao monte máis marchou ata Asturias onde se integrou no exército republicano. Na caída da fronte norte en outubro de 1937 foi apresado e tras pasar por varias cadeas acabou no campo de concentración de Camposancos,

Pontevedra, onde o someteron a consello de guerra do que saliu ben librado. Nos anos coarenta chegou a Francia onde se exiliou establecendo a súa residencia en Burdeos. A filla, Pilar, casou co tamén veciño do Robledo, Ramón Guitián, fixando o domicilio familiar na Coruña. Nai do que foi durante anos director de estudos do Fondo Monetario Internacional, Manuel Guitián Martínez.

O fillo maior, Manuel, que acompañara ao seu pai na fuxida e na morte, era empregado, e casara cunha moza, Adela, de Veigadecabo, que le dera dúas fillas que logrou sacar adiante, facendo fronte a moitas coaccións, traballando de modista. Da dignidade desta muller da fe a decisión de enfrontarse publicamente

cun dos asesinos do seu home ao descubrir que utilizaba o seu reloxo de ouro.

Nas mortes do pai e do fillo, aparte das accións represivas sobre os republicanos dictadas polos golpistas nos primeiros días do alzamento militar, concorreron ademais motivacións de vinganza ligadas ao seu traballo funcional que poñía en cuestión os mecanismos caciquis no concello. Xa no ano 1934 pouco despois de tomar posesión Manuel Martínez do cargo de secretario municipal foi denunciado acusado de usurpación de funcións no xulgado de Primeira Instancia comarcal. A denuncia partía do círculo familiar e político do anterior secretario municipal Ricardo Diéguez, que viña exercendo o cargo interinamente, e que estaba ligado ao Partido Radical. De resultas da denuncia o mesmo ano celebrouse o xuízo no que Manuel Martínez foi absolvido, polo que seguiu a desempeñar o posto.

Represalias que non acabaron coa morte xa que no ano 1937 o Tribunal de Incautacións abrelle expediente que deribou cara o Tribunal de Responsabilidades Políticas que en 1939 resolveu condenando ao embargo de 8.135 pesetas e máis ao pagamento doutras 4.000 pesetas de multa por responsabilidade civil. Os preceptivos informes do alcalde e do inspector comarcal da Falanxe tes-



Familia Martínez Álvarez. De e. a d.: Manuel, Pilar, Manuel i Enrique.

tificaban que as propiedades familiares as aportara ao matrimonio a herdanza da muller.

Os membros da familia Martínez Álvarez non foron os únicos de Rubiá que pagaron coa vida a fidelidade e a defensa dos ideais republicanos contra dos que se aliaron as reaccións nacional e mundial da época. A violencia que practicaron os falanxistas, a garda civil, e o exército golpista sobre os veciños do concello durante os tres anos da guerra contabiliza catorce "paseados" nas estradas e montes da comarca, ademais de outros dous fusilados en Ourense e Camposancos. Na posguerra añadíronse doce veciños asesinados máis, que se integraran nas redes da resistencia antifranquista, deles dúas mulleres. **F.G.**

La suerte está echada para Garzón

Pere Ríos

"En esto de la justicia a veces ganan los buenos", le gustaba decir a José María Mena cuando era fiscal jefe de Cataluña. Nunca escondió sus convicciones comunistas y eso explica que perseguiera sin descanso a la delincuencia de cuello blanco. Logró alguna victoria en los tribunales - desde acabar con el juez prevaricador Luis Pascual Estevill hasta meter en la cárcel al financiero Javier de la Rosa-, pero también cosechó muchas derrotas en la persecución de la corrupción.

Todo esto viene a cuento de lo que está a punto de ocurrir con el juez de la Audiencia Nacional Baltasar Garzón y de que parece cantado que volverán a ganar los malos, como casi siempre. Lo más inquietante de esta historia no es que los grupos fascistas utilicen sin rubor los mecanismos del Estado de Derecho para querellarse contra Garzón por investigar los crímenes que cometieron sus antepasados en la Guerra Civil, sino que les ampare el juez instructor de la Audiencia Nacional Luciano Varela, que pasaba por ser el aladí de la progresía con toga. Parecería que Kafka habita entre nosotros, pero todo responde a una lógica. Perversa, pero existe una lógica que no es otra que el ajuste de cuentas.

Luciano Varela - jalonado ahora por su independencia como juez por el PP, la caverna mediática y esa agencia de colocación en la que ha acabado convertida la asociación Jueces para la Democracia- es amigo íntimo de la vicepresidenta del Gobierno, María Teresa Fernández de la Vega y tiene una no menos estrecha también con la ahora vocal del Consejo General del Poder Judicial Margarita Robles. Robles y De la Vega coincidieron en el Ministerio del Interior siendo ministro Juan Alberto Belloch -la una de Secretaria de Estado de Interior y la otra de Justicia- y de ahí surgen las cuentas que ahora se intentan saldar expulsando a Garzón de la carrera judicial. Y es que el PSOE no le ha perdonado al juez que volviera a la Audiencia Nacional cuando descubrió que Felipe González le engañó y que, pese a ir de número dos por Madrid a las elecciones legislativas de 1996, no lo haría ministro del Interior, sino que le dio un cargo de medio pelo en la lucha contra la droga. Otros, como Ventura Pérez Mariño, que también cambió la toga

de juez por la política, se conformaron con esos puestos de consolación, pero Garzón empezó a investigar los crímenes de los GAL hasta acabar colocando la famosa incógnita del señor X.

Lo que está ocurriendo con Garzón no es pelea de togas, sino que desde sectores políticos y judiciales supuestamente antagónicos se quiere acabar con el juez al que no le han temblado las piernas frente al delito, viniera de donde viniera. Nadie duda que Baltasar Garzón es un hombre al que no le falta vanidad, con una personalidad muy peculiar, pero es indiscutible que acumula un historial único en la judicatura. Si se ha convertido en un juez repudiado por narcotraficantes, terroristas de todo pelaje, grupos fascistas españoles y de otras latitudes, periodistas de la caverna, la dirección del PP y otros ciudadanos nada ejemplares debe ser porque algo habrá hecho bien. Un juez capaz de liarse la manta a la cabeza, reinventar el Derecho y ordenar la detención internacional de Pinochet o de echarle el coraje necesario para investigar los miles de ciudadanos anóni-

mos que fusiló el fascismo en España no puede dejar de merecer más que respeto de una ciudadanía sensata.

El drama de toda esta historia es que ese juez que sólo intentó restablecer la dignidad de los desaparecidos a las que olvidó la Transición acabe siendo víctima de los verdugos de la Falange, con la imprescindible colaboración del juez Luciano Varela.

Por cierto, padre del magistrado Xermán Varela, titular del Juzgado de Instrucción 2 de Pontevedra. "Si Garzón ha prevaricado por admitir la querrela de las asociaciones de víctimas es que no hay juez en España que no haya prevaricado", explican estupefactos algunos compañeros de carrera. Pero da la sensación que todo vale para acabar con Garzón y que ni siquiera se le permiten a él las garantías procesales que amparan a cualquier ciudadano.

Así, a una velocidad de vértigo, el Poder Judicial ha tramitado el expediente para poder apartarlo de la carrera judicial por el caso de las fosas. El asunto está pendiente de lo que decida una sección del Tribunal Supremo que, ironías del destino, preside el magistrado Adolfo Prego, un ex vocal del Poder Judicial alineado con los sectores más ran-



cios del PP. Prego, hermano de la periodista Victoria Prego, preside una asociación en defensa de la unidad de España y ha renegado en público de la Ley de Memoria Histórica aprobada por las Cortes. Pero parece que eso no le inhabilita como juez para decidir en este caso. Ahora, bien, si un magistrado progresista del Tribunal Constitucional hizo un informe para la Generalitat años atrás entonces sí que se le ha de excluir de las deliberaciones del Estatut. O si los jueces del Tribunal Superior de País Vasco procesan de nuevo al ex lendakari Ibarretxe por hablar con Otegui a pesar de que el Tribunal Supremo ya dijo que eso no era delito, tampoco están prevaricando. Y si el presidente del Tribunal Superior de Justicia de Valencia es amigo íntimo de Francisco Camps y forma parte de la Sala que le exculpa

por el caso de los trajes, tampoco pasa nada. Y así tantos y tantos casos, siempre con dos varas de medir.

Los jueces se lamentan que los ciudadanos desconfíen de ellos. ¡Pero como pueden pedir otra cosa si se está acusando de prevaricar a Garzón por investigar un supuesto delito! Acabe como acabe el caso de las fosas, casi nadie duda que la suerte del juez está echada y que, una vez más, ganarán los malos. Si falla la bala de esa querrela, quedan otros dos para poder disparar contra Garzón: el caso Gürtel y los cursos que dio en Estados Unidos pagados por un banco. Es muy probable que el poder político y judicial se quiten de encima una enorme molestia, pero lo más inquietante es que la sociedad habrá perdido un gran juez en quien confiar.

(ven da derradeira páxina)

P.: Cómo lles tivo en consideración o anterior goberno de Fraga?

R.: Incluso sendo un goberno dunha ideoloxía como a que era, polo menos Fraga preocupouse de reactivar os vencellos coa emigración, e nunca diminuíu as subvencións como si fai agora o Feixóo éste... Tampouco fíxo o que tiña que facer, pero alomenos a nós Fraga nos puxo un ascensor que ninguén empregaba por medo a quedarse un colgado, ha ha ha.

P.: Supoño que houbo unha reactivación na transición e logo coa autonomía galega...

R.: Claro! Nós fomos á Galiza nos 70 levando estreleiras e mailas bandeiras republicanas! Tamén colaboramos con institucións de por alí... Co da autonomía non estou tan de acordo. O Estado tiña que ser un réxime federal, e Galiza un estado federal, por suposto. A autonomía, malia as súas vantaxes, foi tamén un método de asegurar Galiza como colonia española ou territorio indisociable de España.

P.: Qué galegos coñecidos formaron parte da FSG?

R.: Pois están Luis Seoane, Manuel Vilanova, que presidía o PSOE galego na Arxentina e estivo na guerrilla galego-leonesa, Ramón Suárez Picallo e Antón Alonso Ríos, que serían logo deputados republicanos polo Partido Galeguista. Tamén estivo Lourenzo Varela e por suposto o membro máis ilustre, don Afonso Rodríguez Castelao, a quen fixemos unha homenaxe no aniversario da súa morte, na praza que leva o seu nome nesta cidade. Un acto moi bonito con estreleiras e bandeiras republicanas, música de gaitas e bailarinas tradicionais...

P.: Actualmente, qué se fai na FSG?

R.: Nós propagamos a cultura galega en diversos ámbitos. Facemos sesións de lectura na biblioteca, talleres de danza galega, gaita galega, clases de galego, teatro, e facemos homenaxes a galegos e/ou republicanos ilustres, emigrados ou non, levamos o MEGA... Tamén damos clases de tango e de informática. Ás clases que damos nós, sobretudo de galego, gaita galega, danza galega e informática, ven xente de todas as idades, e moitos mozos. Incluso chegan mozos que queren aprender gaita sen ser galegos ou ter nada que ver... un boliviano, un peruano, ect... A cultura galega está de moda. É unha mágoa que dende os gobernos non se faga

o preciso para fomentar isto. Na biblioteca acollemos proxectos de investigación de moitos mozos que están estudando ou rematando a carreira... tamén chegan investigadores de Galiza que queren acceder ós nosos arquivos.

P.: Precisamente. Qué opinan por aquí do novo executivo galego?

R.: O goberno anterior tivo os seus éxitos e erros, pero á marxe diso foi un goberno preocupado pola cultura, que non escatimou en gastos para protexer ou fomentar o idioma, as tradicións... en troques, o goberno actual ten unha desfachatez no ámbito cultural que algúns de nós lembramos ó franquismo, é que nin Fraga fixera ataques contra o idioma como os de agora. Preocúpanos moito porque cremos que a lingua galega, non é unha lingua ideolóxica, e éste é o primeiro goberno galego da historia que retrocede na defensa da lingua... Polo demais este home está a recortar as subvencións ás institucións da emigración, está a vender o hospital dos galegos en Bos Aires e a despedir funcionarios por doquier. Non pode ser bó. A lingua é a columna vertebral dun pobo, e este goberno se limita a seguir ordes de Madrid, de FAES e mailo aznarismo. Non teñen dignidade ningunha. A ver se agora con Ferrín na RAG, pódese avanzar un chisco no tema lingüístico...

P.: O 5 de Febreiro a FSG acolleu a presentación mundial do libro "55 mentiras sobre a lingua galega". Hai cada vez máis toma de conciencia na emigración sobre o tema lingüístico, non si?

R.: Pois a verdade é que sí. Tampouco toda a que debería de haber, pero sí. Moitos mozos acudiron e toda a xente quería saber cando ía estar dispoñible o libro na biblioteca da FSG para ler ou levar á casa. Que quede claro que dende o outro lado do mundo, os galegos seguimos a loitar pola nosa cultura!

P.: Señor Lores, foi un pracer. Poderei velo tan saudábel e enérxico para outra?

R.: Iso espero eu! hahaha... És benvido cando queiras, estás na túa casa. Como dixo Manuel Rivas cando nos visitou... "Se me perdera no mundo e tivese que procurar un lugar onde ir, iría á FSG e sería a miña casa".

Saúdos republicanos ós camaradas republicanos de Valdeorras!

Amse Novoa Paradelo

O señor **Francisco Lores** ten 75 anos e é o presidente da Federación de Sociedades Galegas, unha federación que aglutina a diversas asociacións como centros galegos, museos, asociacións culturais, etc... todo relacionado co mundo da emigración galega en Bos Aires. Estas actividades compaxináanse precisamente, coa administración do MEGA ou Museo da Emigración GALEGA.

Á entrada do edificio onde residen a FSG e mailo MEGA, atópase un portón enorme de ferro, que hoxe é logotipo do museo. No cumo do enorme portón, escansa o escudo de armas da Federación, composto por unha fouce cruzada cun áncora de navío, e unha estrela vermella por enriba. A sala interior está feita de madeira, e exhibe bandeiras galegas e republicanas, e mais un exemplar orixinal da constitución da Segunda República. Non me fan agardar moito e o señor Lores me recibe no seu pequeno despacho, onde nos entrevistamos logo de que Lores me contase a súa anécdota con viño de Valdeorras... "Así que de Valdeorras, eh? Mira ti... cando o Beiras dirixía o Bloque e chegou ata aquí de visita, díxome que non había viño branco na Galiza mellor que o godello valdeorrés!" En 25 minutos que tiñamos só puiden preguntarlle un par de cousas, pero foi todo moi distendido e animado.

Pregunta: Logo de tantos anos dende a guerra, quedan todavía asociacións como esta, defendendo os valores da II República, na Arxentina?

Resposta: Pois quedar quedan, o que pasa é que unhas as fomos asumindo e outras xa non están moi activas... por iso na Federación sempre aproveitamos a mínima para facer un pouco de ruído republicano, que non ven mal...

P.: Cómo diría vostede que é a percepción entre a galeguedade do exilio dos feitos que tiveron lugar no conflito da guerra, e logo no franquismo? Hai interese por parte da mocidade?

vistases! A FSG recibe moita forza dende a mocidade... temos por exemplo a moitos estudantes de todo o país que chegan ata aquí a investigar na nosa biblioteca, ou a atoparse con coñecidos dos seus antergos... De feito cada vez hai máis interese entre os rapaces.

P.: Pódeme falar un pouco da historia da FSG, especialmente do acontecido entre os anos 30 en adiante?

R.: Nós nos adicabamos sobretudo a recoller noticias do que pasaba no vello continente e corríamo-la voz entre os galegos. Dende aquí organizábanse recollidas de cartos para mandar a Galiza durante a República, e logo na guerra, mandábanse cartos para combater ó franquismo. Sempre mantivemos un carácter político ó tempo que dábamos cobertura á transmisión da cultura galega entre os nosos, pois o que chegaba nos barcos era moi escaso nesa época... Logo da guerra, isto aínda continuaba. Por suposto facemos actos todos os 14 de Abril, sacamos as bandeiras e facemos un paseo por ahí.

P.: Cal era a postura para convosco do goberno franquista?

R.: Moitos dos nosos estiveron perseguidos por afines á dictadura que residían aquí. De moita sona eran as batallas campais que se formaban entre o Bar Iberia, de público republicano, e o Bar España, de público franquista. As cadeiras voaban entre uns e outros en plena Avenida de Maio cando nos enterábase dun avance ou retroceso das tropas republicanas nalgunha fronte. O goberno de Franco nunca quixo ter demasiada relación institucionalmente, digamos. A algúns de nós prendéronos lume ás casas en ocasións, e á sede da FSG unha vez, incluso. A embaixada buscaba e deportaba a galegos republicanos para que foran xulgados no estado español... Tamén durante as ditaduras arxentinas se deportou a galegos que militaban no sindicalismo arxentino...

P.: Qué lles pareceu que logo na democracia un ministro do franquismo como era Fraga asumise o goberno galego?

R.: Nós cremos que en Galicia sempre houbo moito caciquismo, e isto é unha proba máis de cómo o poder caciquil beneficiou ó bando afín. Incluso en suposta democracia.

(segue na páxina anterior)



R.: Sempre hai interese, de non habelo nós non estaríamos aquí e eu non sería presidente de nada para que ti me entre-